

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 14:10 horas do día 18 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao puntos 7b, 8c, 14b, 9c e 9f)  
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 8b e 9b)  
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 7c, 8d, 9d e 9e)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta do 11 de decembro de 2018**

Non se aproba por falta de quórum.

#### **b) Acta do 13 de decembro de 2018**

Non se aproba por falta de quórum.

### **7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 10 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
2. PRADO LAMEIRO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Durante o prazo concedido, só presentou documentación CONSTRUCCIONES OREGA, S.L., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 14 de decembro de 2018 o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a baixa non está suficientemente xustificada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
2. PRADO LAMEIRO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 5 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 12 de decembro de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a baixa non está suficientemente xustificada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

**c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 12 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 10 de decembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 12 de decembro de 2018 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a baixa está



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

suficientemente xustificada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

**8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 14 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática o 14 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 14 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**14.- Incidencias**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) (dar conta do acordo da Xunta de Goberno local do 31 de outubro de 2018 de corrección de erros do acordo de adxudicación)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 31 de outubro de 2018 de corrección de erros no acordo de adxudicación de data 19 de xullo de 2018.

Os erros do acordo de adxudicación tamén se conteñen na proposta formulada pola Mesa de Contratación do 5 de xullo de 2018.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (lote 3)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que neste procedemento foron interpostos dous recursos de reposición, pola Comunidade de Montes de Candeán contra o lote 3 e pola empresa FIELTURF POLIGRAS, S.A contra os 5 lotes. No primeiro dos recursos o recorrente solicitou a suspensión do procedemento que se produciu automaticamente o 29 de novembro de 2018.

Ambos os dous recursos foron desestimados pola Xunta de Goberno local na sesión do 18 de decembro de 2018, que tamén acordou levantar a suspensión do lote 3.

No entanto, na sesión do 3 de decembro de 2018 a Mesa acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 LCSP coa UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade nos 5 lotes, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas. A citada UTE non presentou documentación ningunha en prazo.

Na sesión do 17 de decembro de 2018 a Mesa aceptou o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 17 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación e propoñer a exclusión da UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT dos lotes 1, 2, 4 e 5.

En aplicación do previsto no artigo 51 da Lei 39/2015 (Conservación de actos e trámites), a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Conservar as actuacións e acordos adoptados na sesión do 3 de decembro de 2018 xa que o seu contido manteríase igual de non cometerse a infracción de non respectar a suspensión automática do lote 3.
2. Propoñer a exclusión da UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT do lote 3 por ter a súa oferta valoras anormais e non telos xustificadas e a clasificación do referido lote.

**9.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 14 de decembro de 2018:

1. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
2. PRADO LAMEIRO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	93,10
2	COPCISA, S.A.	90,01

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos “WIFI” (8.619-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos “WIFI” (8.619-113) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Puntuación total
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	91.57
2	DIMENSION DATA ESPAÑA, S.L.U.	82.3
3	EDNON, S.L.	71.94

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 polo que se exclúe a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. deste procedemento por exceder o importe da súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 14.2 do PCAP).

Segundo.- Excluír deste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de decembro de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	95,08
2	ORECO, S.A.	60,76



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	100
2	PLANTAS DE LEVANTE, S.L	86.13
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L	59.19

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (cláusulas 8 e 22 do PCAP):

- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (artigo 71 da LCSP).
- Acreditación da constitución garantía definitiva (de acordo co previsto na cláusula 23 do PCAP).
- Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC. (A solvencia económica consta acreditada no expediente 9309-446)”.

**e) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (11.346-446)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión do 11 de decembro de 2018 acordouse non admitir neste procedemento a AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. por non ter presentado a documentación esixida no PCAP, a exclusión de MOYCOSA, S.A. por apartarse substancialmente a súa oferta do modelo establecido (cláusula 14.2B do PCAP) e concedeuse un prazo de tres días a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. para a emenda da documentación persoal. Durante o prazo concedido o licitador presentou a documentación requirida.

Revisada a citada documentación pola Mesa de Contratación, estando correcta, procede outorgar ao citado licitador a máxima puntuación prevista no apartado 7B do Anexo I (FEC) do PCAP ao abeiro do sinalado na cláusula 16.3:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Redución prezo metro lineal varanda instalada
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (11.346-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (cláusula 8 e 22.1 do PCAP), ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.

**f) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (lote 3)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT do lote 3 por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



	Licitadores	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,42
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	81,94
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,09
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo das garantías definitivas esixibles de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

#### 10.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)**

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 5 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	100 puntos

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Acreditación da solvencia económica esixida no apartado 5 das FEC, así como da habilitación esixida no apartado 5F ("deberá figurar no listado de comercializadores de gas natural que publica a Comisión Nacional de Enerxía na súa páxina web"). A solvencia técnica xa foi presentada na proposición".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o día 7 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida 17 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A única oferta presentada e admitida é a formulada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., a quen a Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 acordou outorgar a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) por un prezo total de 87.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.099,17 euros, e un prezo ofertado de 62.963,13 (€/cuadrimestre) do termo variable total.*

*Os prezos para as tarifas previstas no apartado 3.G.2 do Anexo I FEC do PCAP serán os seguintes:*

<b>Tarifa acceso</b>	<b>Consumos estimados (Kwh/cuadrimestre)</b>	<b>Termo variable prezos unitarios ofertados (€/kwh)</b>	<b>Termo variable prezos ofertados (€/cuadrimestre)</b>
3.1	11,64	5,9486	0,69
3.2	52.686,42	5,3347	2.810,66
3.3	286.531,48	4,7051	13.481,59
3.4	1.062.158,42	4,3939	46.670,18
<b>Total</b>			<b>62.963,13</b>

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación (sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:18	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AA47-C5DC3E-34233B-8JMV9H-43L5AC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		